



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA
DO CONSELLO SOCIAL DO 30.05.2018**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 30.05.2018

HORA DE COMEZO: 12:30 h.

HORA DE REMATE: 13:40 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Daniel Barata Quintas
D. Manuel Fernández Jauregui
D. José Manuel García Vázquez
D. Jorge Cebreiros Arce
D. Jesús Graña Nogueiras
D. Manuel González Piñeiro

ESCUSAN ASISTENCIA

D. Antonio Macho Senra

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O mércores, día 30 de maio de 2018, ás 12:30 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27.02.2018).
2. Informe do Presidente.
3. Conta de liquidación do orzamento da Universidade de Vigo correspondente ao exercicio 2017. Informe que proceda para elevación ao Pleno.
4. Análise e revisión das contas anuais e informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Informe que proceda para elevación ao Pleno.
5. Análise e revisión das contas anuais e informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA). Informe que proceda para elevación ao Pleno.
6. Análise e revisión das contas anuais e informe de auditoría de Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI). Informe que proceda para elevación ao Pleno.
7. Supervisión das solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2017.
8. Aprobación, se procede, de transferencia de gasto de capital a gasto corrente. Cátedra José Saramago.
9. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes e escusa a ausencia de don Antonio Macho. Agradece expresamente a presenza do Vicerreitor de Xestión Económica e SS.XX., don Rodrigo Cerviño, invitado para informar á Comisión.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27.02.2018).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

Don Daniel Barata aclara que decidiu convocar esta comisión, a pesar da falta do informe definitivo da auditoría que habitualmente acompaña ao análise da conta de liquidación do orzamento de cada exercicio, precisamente para explicar as causas que impiden dispor do documento: dunha banda o longo proceso seguido para a contratación da nova empresa auditora (BAKER TILLY FMAC S.L.P.) que se fixo efectivo o 14/03/2018, e doutra o adianto esixido de case un mes para a elaboración do informe a fin de que as contas de 2017 puideran ser presentadas polo actual equipo de goberno antes do seu relevo, previsto para o próximo día 8 de xuño. Neste senso engade que era necesario que a Comisión tivese coñecemento desta continxencia e seguise o resto do procedemento para dar traslado ao Pleno.

PUNTO 3

Conta de liquidación do orzamento da Universidade de Vigo correspondente ao exercicio 2017. Informe que proceda para elevación ao Pleno.

Toma a palabra o Vicerreitor don José Manuel García para incidir no desexo do actual equipo de presentar as contas, e do esforzo feito polos servizos administrativos da universidade e pola



empresa auditora para facelo posible. Así mesmo adianta que o borrador do informe de autoría "é limpo" e descarta calquera limitación de alcance ou excepcións, nin fai consideracións relevantes. E amosa a confianza en que o informe definitivo de auditoría chegará a tempo para poder ser presentado ante o Pleno do Consello Social, o vindeiro día 5 de xuño.

De seguido informa que, na liña do comentado ante esta mesma Comisión no pasado mes de febreiro, en cumprimento do Decreto 14/2012, o exercicio 2017 pechouse con un superávit que mellora o dato previsto daquela, debido ao recálculo definitivo da prorrata do IVE.

Finaliza a intervención subliñando que se pecha un ciclo positivo dende 2012, e que, pese a atravesar anos moi difíciles, mantívose o equilibrio "e ese debe ser o primeiro obxectivo e a senda que desexamos para a Universidade de Vigo". Don José Manuel García manifesta que con estas contas "damos por pechada a xestión". Remata agradecendo ao presidente da Comisión, ao secretario e aos membros "o trato, a confianza e a cordialidade" mantida durante estes últimos anos.

Intervén de seguido o Vicerxerente de Xestión Económica e SS.XX. para amosar mediante presentación gráfica un sucinto resumo dos datos recollidos na abundante documentación que lle foi remitida aos membros. Refire don Rodrigo Cerviño as cifras máis salientables da execución do orzamento, conta anual de ingresos e gastos, resultados orzamentarios, evolución do orzamento de ingresos e gastos e comparativa interanual, remanente de Tesouraría, resultado económico-patrimonial e balance de situación "que amosan a boa saúde da Universidade de Vigo".

Pide a palabra don Jorge Cebreiros para felicitar ao equipo de goberno e á Xerencia polo traballo feito e polo exercicio de "transparencia e honestidade" co equipo entrante, polo esforzo feito para pechar a súa etapa cunhas contas auditadas.

Don Jesús Graña sumase ás felicitacións e pregunta polo IVE pendente. Resposta don Rodrigo Cerviño que se cobrou xa ata 2012, e que o resto está en trámite ou recorrido. Interésase tamén pola provisión dos importes do IBI. Informa o vicerreitor da situación e da teórica débeda existente co Concello de Vigo, e subliña que os importes se atopan provisionados ata este momento, polo que se houbera que facer fronte ao peor dos escenarios "non habería problema".

Don Manuel González subscribe a felicitación aos responsables económicos da Universidade de Vigo e consulta algunhas dúbidas sobre aspectos concretos sobre as contas que se presentan. Tamén felicita á Universidade de Vigo polo incremento de recursos destinados aos estudantes e ás súas familias.

- ***A Comisión ACORDA elevar informe favorable ao Pleno.***

PUNTO 4

Análise e revisión das contas anuais e informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Informe que proceda para elevación ao Pleno.

Informa o xerente que se está a manter a liña de traballo con total normalidade, se ben se reflicte unha minoración na demanda da aprendizaxe das linguas.

- ***A Comisión ACORDA elevar informe favorable ao Pleno.***

PUNTO 5

Análise e revisión das contas anuais e informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA). Informe que proceda para elevación ao Pleno.

De novo don Manuel F. Jauregui expón que os resultados son moi parecidos a anos anteriores salvo pequenos axustes no día a día. Engade que o Plan de negocio se leva a cabo de xeito viable e estable. Ante as dúbidas amosadas por don Manuel González nas que cuestiona a viabilidade da sociedade, o vicerreitor manifesta que a sociedade desenvolve unha actividade inmobiliaria sen previsión de crecer, que está ben dimensionada e que da beneficios dende hai tres anos. Descarta unha hipotética internalización da Xestión porque "só crearía problemas".

- ***A Comisión ACORDA elevar informe favorable ao Pleno.***



PUNTO 6

Análise e revisión das contas anuais e informe de auditoría de Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI). Informe que proceda para elevación ao Pleno.

Exposto polos responsables económicos da Universidade de Vigo, en síntese, e á vista dos resultados e da comparanza con outros parques tecnolóxicos, que está cumprindo os seus fins, que ten un 95% da superficie alugada e que funciona con normalidade, a intervención de don Jorge Cebreiros -afirmando que "quizais a explotación podería ser mellorable"- abre unha rolda de opinións e valoracións á vista dos datos. Don José Manuel García reflexiona sobre a conveniencia de buscar fórmulas para estabilizar a sociedade, e atopar novas liñas de negocio ofertando servizos a empresas para incrementar os ingresos. Entende o vicerreitor que se podería explorar tamén a revisión dos prezos o próximo ano, porque non pode seguir limitándose á actividade inmobiliaria.

- ***A Comisión ACORDA elevar informe favorable ao Pleno.***

PUNTO 7

Supervisión das solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2017.

Ao fío do informe entregado por escrito aos membros, don José Manuel García e don Rodrigo Cerviño argumentan e xustifican os motivos polos que se incorporan diferentes importes con cargo ao remanente de libre disposición.

- ***A Comisión da a súa conformidade.***

PUNTO 8

Aprobación, se procede, de transferencia de gasto de capital a gasto corrente. Cátedra José Saramago.

Informa o secretario que este punto precisa unha tramitación específica por requirir a aprobación expresa do Consello Social, consonte as Normas de execución do orzamento. O Vicexerente explica os motivos da transferencia.

- ***A Comisión aproba o operación.***

PUNTO 9

Rogos e preguntas

Pecha a sesión o presidente, don Daniel Barata, facendo un recoñecemento "á seriedade, compromiso e bo facer" do Vicerreitor de Economía, do Xerente e do Vicexerente, aos que agradece o traballo "formal e rigoroso" que desenvolveron no exercicio das súas responsabilidades, e máis concretamente na Comisión.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:40 horas do 30 de maio de 2018, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,

O secretario,

Daniel Barata Quintas

Ignacio Rodríguez Iglesias